

TRES FORMAS DE ACHEGARSE Á LECTURA E ESCRITURA NA REDE

PILAR PONTE PATIÑO
IES DA POBRA DO CARAMIÑAL

G1702001 - Xornadas de lingua e literatura.
Curso 2017-18



Ler e escribir

NA ERA AUDIOVISU@L

18 de novembro de 2017

EGAP - Santiago de Compostela

3 EXPERIENCIAS

- **21 Días co Galego (blog)** / Escrita colectiva en rede
- **Lendo Agustín Fernández Paz** / Compartir lecturas
- **Vai á moda este inverno** / Secuencia didáctica para ler e escribir en 1º de ESO

**ESCRITA
COLECTIVA EN
REDE**

21 DÍAS CO GALEGO (BLOG)

2 OBXECTIVOS A TRAVÉS DA ORALIDADE

- Un **aumento do uso da lingua galega** así como o seu perfeccionamento
- Provocar unha **reflexión íntima** sobre o idioma **galego** e a nosa **relación coas linguas** que falamos cada un de nós

21 DÍAS CO GALEGO

para falar e pensar (IES da Pobra do Caramiñal)

Benvid@

Presentación

Pasos a seguir

Axuda


Créditos

Traballo

Espazos de gravación

Benvid@

Benvid@s ao novo certame do 21 días co galego



21DIASCOGALEGO.BLOGSPOT.COM.ES
FÍO CONDUCTOR

ESTRUTURA DO BLOG

1 entrada por día (21 días seguidos)

- **Fío condutor temático** (varía en cada edición)
- **Vídeo**
- **Actividades do proxecto**
 - Académicas (afondamento en cuestións sociolinguísticas)
 - Lúdicas (retos persoais / de aula)
 - Reflexivas (de carácter individual)

2013

2014

2015

2016



2017

2018



O ALUMNADO XESTIONA O PROXECTO



AUTORAS E AUTORES

1º BACHARELATO 2015-2016

18/11/2017

Pilar Ponte (A Profa): Tres formas de achegarse á lectura e escritura na rede

CARACTERÍSTICAS

- **Escrita colectiva en rede** / 2 aulas de 1º de bacharelato
- **Actividades de inicio** / Saúdo, instrucións de uso
- **Actividades diarias para o alumnado** / Diseñadas para dúas franxas de idade (1º e 2º ESO / 3º e 4º ESO)
- **Actividade de reflexión final** / Cuestionario persoal


PÍLULAS INFORMATIVAS DE SOCIOLINGÜÍSTICA

• Prexuízos lingüísticos

• Bilingüismo e Diglosia

• Lingua minoritaria e lingua minorizada

• A diversidade lingüística



Lingua habitual en Galicia. Porcentaxes. Fonte: IGE



ENTREVISTAS

- **A membros do alumnado**
- **A persoeiros da cultura**
- **A profesorado**



TIPOLOXÍA TEXTUAL

- Aviso e nota
- Crónica
- Cuestionario
- Entrevista
- Exposición
- Narración
- Noticia
- Reportaxe

SUXESTIÓNS DE MELLORA

- Organización
- Cohesión de grupo
- Tempo de execución
- Calidade textual

**COMPARTIR
LECTURAS**

**LENDO
AGUSTÍN
FERNÁNDEZ
PAZ**

2013

2014

2015

2016

2017


2018

**AMOR Á LECTURA
AMOR A AGUSTÍN**



Lendo a

**Agustín Fernández
Paz**



21 Días co Galego

3 OBXECTIVOS A TRAVÉS DA LECTURA

- Homenaxear **Agustín Fernández Paz**
- Realizar unha actividade de **lectura compartida**
- Converterse en **booktubeir@s**

CARACTERÍSTICAS

- **Espallar a obra de Agustín Fernández Paz** / achegarnos ás súas obras
- **Actividades de inicio** / Vídeo introdutorio de Eulalia Agrelo Costas
- **Cada día 1 libro** / 21 libros > Cubrir toda a súa obra
- **Cada libro 1 vídeo** / para todos os públicos e dunha duración máxima de 5 minutos

CREACIÓN DE PARELLAS LECTORAS

- **Nais-fillos**
- **Profesoras-alumnas**
- **Escritoras e escritores**
- **Amizades de Agustín**



CENTROS EDUCATIVOS PARTICIPANTES

- CEIP Antonio Pedrosa Latas – Viveiro
- CEIP Ponte dos Brozos – Arteixo
- CEIP Rosalía de Castro – A Coruña
- CEP Pilar Maestú Sierra – A Pobra do Caramiñal
- CIFP Coroso – Ribeira
- CPI Manuel Padín Truiteiro – Soutomaior
- CPI Plurilingüe de Vedra – Vedra
- IES A Sardiñeira – A Coruña
- IES Afonso X O Sabio – Cambre
- IES As Barxas – Moaña
- IES da Pobra do Caramiñal – A Pobra do Caramiñal
- IES de Carral – Carral
- IES Eduardo Pondal – Santiago de Compostela
- IES Perdouro – Burela
- IES Pintor Laxeiro – Lalín

SUXESTIÓNS DE MELLORA

- Ficha da obra
- Lectura en vídeo ou audio de unha ou varias páxinas
- Facilitade de entrega
- Calidade no vídeo de imaxe e son

**SECUENCIA
DIDÁCTICA
PARA LER E
ESCRIBIR
(1º ESO)**

**VAI Á MODA
ESTE INVERNO**

2013

2014


2015

2016

2017

2018

**LEMOS E ESCRIBIMOS
NA REDE**



**vai á
moda
este
inverno**


CO IES DA POBRA DO CARAMIÑAL

OBXECTIVOS DA SENCUENCIA DIDÁCTICA

- **Ler** unha **reportaxe dixital** de moda e interpretar todos os elementos da lectura.
- **Crear** unha **reportaxe** de moda para a súa publicación **dixital** en formato blog.
- Coñecer o **léxico** relacionado coa **roupa** e a **moda**.
- Achegarse á intercomprensión entre galego e **portugués**.
- Compilar textos nunha **revista dixital**.
- Crear **actividades de aprendizaxe integradas**.

TAREFAS

1. Vídeo Marie ordenando roupa + **Booktrailer** *A mágica da arrumação* en **portugués**.



TAREFAS

2. **Lemos** unha **reportaxe** da revista de tendencias COOLT.



The screenshot shows the homepage of the COOLT magazine website. At the top, the logo "COOLT" is displayed in a large, bold, black serif font, with "REVISTA DE TENDENCIAS" written in a smaller, spaced-out font below it. A horizontal navigation bar contains the following categories: Editorial, In & Out, Reportaxe, Entrevista, Actualidade, and Lifestyle +. Below the navigation bar, there is a search bar with the placeholder text "Buscar ..." and a black button labeled "Buscar". The main content area features an article preview with the author "Cecilia F. Santomé / 29/09/2016 / Actualidade" and the headline "Arreglad@ pero informal? O athleisure está de moda".

A roupa de deporte non é **só** cousa do ximnasio e das tardes preguiceiras tirad@ no sofá. **O chándal e cía.** brillan agora con luz propia, elevados ao altar dos *musts* de temporada. **É** o imparabile ascenso daquela vella noción do “arreglado pero informal”, recuperada nos últimos anos por grandes firmas e cadeas de moda, e formulada a golpe de neoloxismo. Athleisure é o novo concepto clave no vocabulario fashionista.

No número de agosto de *New York Magazine*, Véronique Hyland publicaba un artigo baixo o **máis** ca crítico título “Is the Athleisure Bubble About to Burst?” (“Está a piques de estoupar a burbulla do *athleisure*?”, en galego). Nel cuestionaba a validez moral da comercialización de roupa ordinaria a prezos de luxo, poñendo como exemplo os *leggings* a 300 dólares. **Mais** moral ou non, sexa de alta ou de baixa gama, a indumentaria deportiva leva anos gañando terreo no horizonte das tendencias, e semella que en 2015 e 2016 acadou a súa particular cima.



Números anteriores

Novembro 2016	Outubro 2016
Setembro 2016	Agosto 2016
Xullo 2016	Xuño 2016
Maio 2016	Abril 2016
Marzo 2016	Febreiro 2016
Xaneiro 2016	



A comodidade é o principio que inspira esta tendencia

Moito choveu desde que Juicy Couture rachara os esquemas do bo gusto cos seus conxuntos de **chándal** en felpa con cazadoras curtas e pantalóns de tiro baixo que deixaban o embigo ao aire. Sensualidade raiando en vulgaridade que fixeron súa *celebrities* como Paris Hilton, Nicole Richie ou Britney Spears, pero que non tardou en adoptarse na rúa. Cuns centímetros máis e algo menos **cinguida**, a prenda deportiva por excelencia **adquiriu** carta de cidadanía no mundo da moda.

Tres lustros máis tarde, Alexander Wang e Demna Gvasalia (Vetements) son os seus principais defensores. H&M aposta con man firme pola súa liña *fitness* apoiándose na imaxe de Caitlyn Jenner. Stella McCartney **deseña** tenis e suadoiros para Adidas, Beyoncé para Topshop, Rihanna para Puma. Mark Parker, CEO de Nike, non dubida en afirmar que “os **leggings son o novo denim**”.

Coolt non se fai responsable das opinións nin dos comentarios que @s seus redactores e redactoras expresen, así como dos d@s lectores e lectoras. A opinión da revista só se manifesta no editorial. Coolt resérvase o dereito de suprimir, parcial ou totalmente, todos aqueles escritos que vaian contra a dignidade e/ ou a moralidade das persoas.



Este traballo está suxeito a unha licenza Creative Commons Atribución-Non comercial-Compartir igual 3.0 Sen adaptar.

FÍXATE NO TIPO DE LICENZA DE USO DESTA PUBLICACIÓN

Pero que significa en realidade “*athleisure*”? É unha combinación de “*athletic*”, atlético, e “*leisure*”, lecer, é dicir, o gusto por vestir de xeito relaxado, con prendas propias da práctica deportiva aplicadas a contextos nos que ata non fai moito estas estaban vetadas. Así, o roupeiro d@s que seguen esta tendencia está poboado de chaquetas *bomber*, *leggings*, zapatillas, bolsas de ximnasio ou camisetas *cropped*. Vestido con ironía, con rebeldía, mesturado con prendas elegantes, refinado, nunha palabra, o chándal é o seu rei.

O universo *fit*, coma o *foodie*, ocupa un espazo crecente na Internet. Instagram está cheo de perfis inspiradores con posturas de ioga, carreiras polo parque, táboas de exercicios en paisaxes increíbles e outras tantas actividades que dan ganas de poñerse en forma... ou de admirar na distancia a quen o está. *Trendsetters* como Gigi Hadid, Kendall Jenner, Karlie Kloss ou Alessandra Ambrosio son algunhas das gurús deste particular movemento. Elas son os apóstolos do *athleisure*, as encargadas de dar a coñecer a boa nova: *mens sana in corpore sano* (e con roupa especificamente deseñada para a ocasión).



Chaquetas, zapatillas, pantalóns... : esta temporada, todo ten aires deportivos

@Ce_FerSan / Fotos: Instagram @adidaswomen, @karliekloss, @kendalljenner

AUTORÍA

NOVIDADES TEXTUAIS

ELEMENTOS DA ESCRITA DIXITAL

- Buscador
- Ligazóns
- Indicación da autoría (usuario Twitter / Instagram)
- Licenzas CC
- Estrutura da publicación

ELEMENTOS LINGÜÍSTICOS

- Uso da @ (tirad@)
- Neoloxismos
(*fashionista*)
- Préstamos (*athleisure*)

TAREFAS

3. Creamos a nosa reportaxe para unha revista de tendencias do instituto.

ELEMENTOS DA NOSA REPORTAXE

- Título + Subtítulo
- Corpo
- Data
- Ligazóns
- Imaxes propias ou con licenza CC
- Indicación da autoría
- Licenzas CC

vai á moda este inverno

CO IES DA POBRA DO CARAMIÑAL

Trucos para ir á moda este outono-inverno.

Fashion live. Blogue de Estela.

Moi boas aprendizades de modal! Hoxe vos traio uns consellos de como ir á moda este outono-inverno.

O primeiro que debedes saber é que estilo os vai mellor. A continuación veredes algúns conxuntos básicos que podedes combinar con calquera cosa voso armario.

Primeiro conxunto, ao que me gusta chamar o conxunto exprés: Consiste nuns simples vaqueiros raiados acompañados cun suadoro (pódese engadir unha chaqueta vaqueira ou calquera que combine) e uns deportivos, algo moi simple e sport, pero á vez vas arreglada.



Segundo conxunto, este lle chamo o conxunto triple: Por qué este nome? Pois porque é un conxunto que se serve tanto como para ir ao coleto, para ir a algún recado e para saír cosas amigas.

Para ir ao coleto: Consiste nun vaqueiro negro cunha camisa ou blusa dunha cor clara, e uns zapatóns da choiva negros, por erriña, un abrigo gris (ou calquera outra cor que convine) e un diadema.

Para os recados: simplemente cambios o abrigo por unha gabardina quentifa e añaes na cabeza un recollido.

Para saír cos amigos: O vaqueiro negro e os zapatóns quedáanse, e en vez da camisa pón unha camiseta floxa cunha chaqueta e o abrigo gris, e para darlle o seu tolo un gorro de inverno.



Terceiro conxunto, lle chamo "o formal": Consiste nun pantalón floxiño de cor azul marino a raias combinado cun xerse gris e un chusqueiro a xogo co pantalón, e a viseira para darlle un toque, ao igual ca os zapatos dourados, para resaltar. Un conxunto perfecto para algunha ocasión formal.



explosivo á vestimenta, os complementos nunca fallan. En este conxunto, pasan un color choker máis longo e os mesmos pendentes prateados. De calzado, uns zapatos negros baixitos que agora lévanse moito, pero calquera zapato, bota ou bailarina queda ben. Eu leo ademais un gorro beiche con dous poms para darlle un toque máis sexy á ao look.



Eu sempre levo a mesma cazadora ou chaquetón de inverno, este ano marqui esta marrón e non me quito de arriba; para os conxuntos arranzados queda moi ben e abriga moito, pero, se non tedes unha así, un chaquetón verde militar, que lévanse moito o ano pasado e volve de novo, ou un chaquetón negro tamén darlle o toque especial.



Ten unha páxina web?



Esta obra ten unha licenza Creative Commons Atribución-NonComercial-Compartir Igual 4.0 Internacional. Copie este código para que os seus visitantes o saiban

AUTORÍA: Iria Palacios Otero 1ª

Os "Must have" para este inverno 2016

Os "must have", traducido do inglés, significa "debes -ler", que son as prendas "esenciais" para unha temporada do ano, neste caso, inverno.

Este inverno, as prendas que toman as rendas, teñen cores escuras como o granate, e o verde escuro. Pero non faltan as prendas en cor mostaza.



Os abrigos de pelo van a ser unha das mellores propostas ao entrar nas tendas. Nos días moi fríos é a mellor opción. Cando saes á rúa, sempre ves algún e danche moitísimas ganas de ter un coma ese, para non pasar nada de frío. Son moi fáciles de combinar e son haber de moitas cores. Aínda que estas prendas están moi criticadas pola sociedade, debido á ter que matar animais para a súa fabricación, hai abrigos de pelo sintético, que non fan falta danar a ningún animal.

Como antes dicía as cores que máis se van a levar son as escuras, pero está cientificamente demostrado, que se levas posto prendas de roupa de moitas cores, o estado de ánimo, vaixe relexar niso. Por iso non vai mala mal que de vez en cando vistamos con cores rechamantes e alegres como a azul ou o rosa. Unhas das prendas que toño que destacar, son as camises de calcos. Combináanse moi facilmente con calquera tipo de roupa, sóse utilizar para estilos urbanos. Pódense conxuntar cunha camiseta por debaixo e a camisa sen abotoar, ou simplemente ca camisa e unha cazadora, pero un recomendo poñer unha camiseta sempre por debaixo para non ter frío en inverno.



o Blogue De Iria

Sinxelo pero arreglado 2/12/2016

OLA a todos e todas, eu son Iria Palacios Otero e hoxe vouvos falar dun tema que sempre nos ocorre a todas cando empezamos o inverno. Entón segura que moitas máis vos levantades e estades horas e horas atildado a roupa porque non sabedes que poñer e ao final acabades vestindo un chándal ou uns leggings cunha camiseta floxa, ou sexa o primeiro que atopas no armario. A min púidame alá que ocorriéronme isto, combinar cousas que seguramente todas as rapazas temos no armario. Hoxe vos ensino dous looks sinxelos invernaís para cada nos sabedes que poñer.



o primeiro look e moi fácil de facer. En combini dous elementos que nunca pasan de moda: uns pantalóns vaqueiros, algo necesario en calquera armario, e unha blusa branca que estos segura que todas tedes unha, é algo esencial. A min gústame ademais poñer complementos, polo se son afíns a os accesorios, e con esta vestimenta, calquer diadema, pendentes, algo que eu sempre levo, pulseiras, e colares de diferentes cores e formas, dälle un toque especial. Na foto que vos ensino, eu levo uns pendentes prateados, un color choker, que agora é a última tendencia. De zapatos levo botas pois no inverno vos chover a miúdo. As que calzo eu na imaxe, son uns botas negros que son o último do último. Para rematar, un gorro negro, os de calquera cor, queda moi ben.



o segundo look sei que vos vai a encantar, pois é un look moi cómodo e arreglado ao mesmo tempo. Os elementos básicos desta vestimenta son uns leggings negros, valen un calquera pero, persoalmente, a min gústame máis os que son de lycra para esta vestimenta, e un xerse de calquera cor queda ben, aínda que eu inverno lévanse máis os cores escuras, o meu é granate. Como xa vos dicía, para darlle un toque

Tendencias de inverno

Non pasa frío este inverno para ir á moda, hai moitas pezas de roupa que ademais de abrigarche quedarache ben.

Do verán pasamos de levar viseira aos gorros, por suposto os de la, que incluso están tecidos de moitas maneiras distintas, tamén bainos con algúns detalles. Incluso algúns pódense de lado, outros un pouco para atrás...

Os gorros son a tendencia do inverno, e non pasaremos frío dándolle ademais á nosa indumentaria un toque "chic" e moderno.

Tamén non nos podemos esquecer dos fulares e bufandas que taparan moi ben o pescozo e ademais son moi bonitos. As bufandas e os fulares pódense poñer de distintas maneiras, o que lle dá orixinalidade á túa vestimenta. Son moi variados por iso teñen teu gusto persoal e luce moi ben.



Gorro con adorno de fle
Gorro sencello



Bufanda
Fular
Bufanda



Cazadoras de pelo

Para completar a nosa moda de inverno temos as cazadoras de pelo, que son suaves e bonitas e vense moi ben. Tamén pódense levar en outras épocas do ano, xa que non só hai cazadoras de pelo, hai chalecos, parkas...

As cazadoras de pelo quedan moi ben en colores agrisados e castaños.

É por último pero non menos importante ás botas altas, impermeables ou non, están xenial para este inverno 2016-2017 é ademais algunhas teñen cremalleira, outras broches, etc. Hai moitos estilos de botas e combinan con case todo. Coa nosa colección de inverno estarás list@ para esta temporada, onde o mellor queña son as pezas de roupa que abrigan.



Esta obra ten unha licenza Creative Commons Atribución-NonComercial-Compartir Igual 4.0 Internacional.




Botas altas

SUXESTIÓNS DE MELLORA

- Montaxe da revista por parte do alumnado
- Rúbrica de calidade das imaxes

**MOITAS GRAZAS
POLA VOSA
ATENCIÓN!**



aprofa.gal

about.me/aprofa